

## 10 DE NOVEMBRO: DÍA MUNDIAL DA CIENCIA AO SERVIZO DA PAZ E O DESENVOLVEMENTO

O desenvolvemento económico é unha cadea que ten varios eslabóns e un deles é o medioambiente.

Xestionar con eficiencia os recursos naturais non só é importante para que estes non se esgoten senón tamén para asegurar a calidade de vida das persoas que podrían verse ameazadas pola explotación desproporcionada dos recursos.

A sostibilidade ambiental busca protexer o medioambiente onde se desenvolve o ser humano e minimizar no maior grado posible o efecto ou impacto das actividades humanas nel.

Cando falamos de sostibilidade ambiental referímonos ao equilibrio social, económico e medioambiental, de modo que se garantice, na medida do posible, unha continuidade no futuro.

As emisións excesivas de CO<sub>2</sub> son unha das principais causas do quencemento global. Un problema causado pola actividade humana e agravado pola longa pervivencia do CO<sub>2</sub> na atmósfera.

As estatísticas oficiais confirman que non baixaron as emisións de CO<sub>2</sub> durante os últimos anos (exceptuando os meses de confinamento e a caída drástica da actividade en moitos países debido á pandemia).

As emisións repártense, sobre todo en 5 sectores: transporte, industria, xeración de electricidade, edificios e agricultura, sendo o transporte o que mais emite de todos. Si a sociedade non rebaixa os seus índices de emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, os informes científicos auguran múltiples riscos e impactos.

Segundo a emisión media de CO<sub>2</sub> dos vehículos por países, España situouse o ano pasado por riba da media europea e iso a pesares de que pechou o ano 2020 con 20.156 vehículos eléctricos matriculados; un 64% mais que o ano anterior.

É por todas estas razóns que dende o equipo de dinamización da biblioteca eleximos esta data dentro do mes adicado á ciencia para concienciar sobre o uso responsable do tráfico motorizado e promover alternativas ecolóxicas como o transporte público, a bicicleta e os vehículos eléctricos. Proponemos que o 10 de Novembro sexa o “día de emisións 0” no Ceip Santa Baia e queremos invitar a toda a comunidade educativa a buscar medios alternativos para chegar ata o colexio evitando usar vehículos contaminantes e ao mesmo tempo contribuiremos a fomentar a creación dos itinerarios escolares seguros.

Animamos a todos os pais que traen aos seus fillos en coche a que se solidaricen con esta iniciativa e contribúan a mellorar a saúde do noso planeta, servindo de exemplo aos seus fillos e educando na responsabilidade.

Ese día o aparcamento para o profesorado non estará dispoñible para coches e reservarase todo o espazo para bicicletas e patinetes.

*Nota: Os autobuses, para quen os necesite, funcionarán como de costume.*

